

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PRAZA M.^a PITA, 17, baixo (Irmandade da Fala)

Número 98

A CRUÑA 25 DE AGOSTO DE 1919

Notas marxinaes

AMARREMOS CABOS A TEMPO

Leonardo Rodríguez—cumprindo c'ó seu deber e o cumprimento do deber non é un mérito—falou no Congreso para pedir ó Gobierno que incluíse na fórmula económica unha cantidade adicada a indenizarse ós labregos galegos cufos vívidos se perderon pol-as xeadas derradeiras. Se Leonardo non fala, non hai indenización. Os mais deputados ficaron caladifios.

E agora copiamos do *Ideal Gallego*: "Os catalás, emprestaron a sua conformidade a fórmula económica conquerindo catorce millóns para ferrocarrís. E aquí non houbo remedio para Galicia. Doente no leito Leonardo Rodríguez, o noso ferrocarril da costa, o central e os mais que poderían reanimar a vida da nosa Terra, non tiveron abogados. Allí íñs Galicia corenta e catro deputados pola rexión, e Galicia non falou, non pideu, non s'impuxo. No tempo de Carlos I falaba Zamora por nos outros, e agora... nin eso.

Ferrol, Ortigueira, Viveiro, Ribadeo, que queredes un ferrocarril. Agora presentéuse ocasión, mais vosos procuradores nas Cortes non fixeron pidimento de ningún xeito.

Pobos de Lugo, d'Ourense, de Pontevedra, que arelades un ferrocarril central. Agora presentéuse a ocasión, mais os vosos diputadifios se non fixeron cárego.

Corenta e un deputados catalás conqueriron catorce millóns. Corenta e catro deputados por Galicia non pidiron ni que unha peseta.

E agora percorreren os distritos, en visita de vrán, e soarán as músicas e as gaitas, e estourarán os foguetes, reverteráse a oratoria, faránse promesas e todo s'esquecerá.

Necesitamos ferrocarrís para beneficiar as minas e os bosques, esportar o gando e o peixe, importar cereás e abonos, e os primeiros inimigos son os parlamentarios galegos.

¿Qué facer? O mesmo que fixo Leonardo Rodríguez, loitando que s'incluyan as xeadas no capítulo de calamidades, poideron facelo os mais c'os ferrocarrís n'a ausencia forzada d'aquel, con maior motivo, canto que, algúns

d'eles forman parte da Comisión de Presupostos e o exministro d'Abastecementos, non.,

Tod'ó que val por diante merece unha gloriísta axeltada.

Primeiramente, falemos de D. Leonardo Rodríguez. Este señor nos é simpático e mais dunha vez lle dímol-o noso agarimo—sempre que procurou pol-os intereses da nosa patria—para que collese novos folgos e azos novos e siguria pol-o bó camiño. Cando D. Leonardo inda non era un *higui*, xa nos o apraudiamos, gabábamos e estimulábamos patrióticamente. Dende que foi ministro d'Abastecementos decatáronse moitos do que podía *prometere* coma home capaz d'aupar a cantos cheos de cubizas de medro político ll'axudasen a él e a él s'axuntaran e arrechegaran. E hai que termar das cousas.

D. Leonardo pode facer moito ben á causa galega, mais poldera tamen, pol-a sua culpa ou por mor da culpa dos alleos e vivos que agora se *leonardizan*, facer moito mal: o de trocar un caciquismo por outro; o de traer nos un novo inxerto dos vellos partidos do turno monárquico que inda non tñamos por acó: o do romanonismo. E isto sería outro xeito de *colonización*: E D. Leonardo que protestou cando viaxe a Galicia dos catalás non tería dereito a estrañarse de que agora os galeguísas non quixeran ser cipayos do conde céltibero. (Inda que o caso dos catalás non merecía censura, en boa lóxica, e o caso romanonista, si.)

Non vexa n'esto o Sr. Rodríguez un ataque á sua postura agardada pero inda non concretada. El sabe canto temos de leyaes os galeguístas e coma xeito de leyaldade democrática ha tomal-o noso apuntamento. Combatíremolo ou apoiarémolo de maneira franca moi axiña. Mais inda non chegou a hora. Sollo diremos que nos fai estar recelosos o temor de que o conde céltibero teña mentes, cando o seu anunciado viaxe a Lugo, de aproveitar ós mestras d'escola a xeito de cables, como fan as ratas nos portos, para colarse na nave do caciquismo provincial lugués, orfo e desorientado dende a morte de Besada. Mais non val adiantal-as cousas.

Por outra parte, tampouco nos parece moi europeo eso d'agardar xa todo d'un político. Pois si s'agarda todo d'un político inda qu'este seia bon, acabará forzosamente por constituirse en oligarca, cacique e protetor de caciques. Asíñ voltaremos á política vella fulanista.

Non leonardismo, nen ningún ismo persoal. Galeguístas, galeguizantes ou galeguizadores, dispost' a estimular a cantos falgan ben a nosa Terra. Partido d'ideas e d'ideas; os partidos para un home, foron—o mesmo entr'os monárquicos que entr'os republicans—a perdición d'Hespania.

E vede xa como este perigo existe. Inda don Leonardo se non creareu, seu dúbida porque non tivo oportunidade, e xa dous xornaes cruñeses, un rexionalista... de Viturro e Gasset e o outro rexionalista dos que lembran ás rans que buscaban rei, dispútanse quen ha lebal-o gato a auga e quen ha bombear mais ó simpático exministro. E coma eses dous xornaes moitos señores que desexan subir en habendo xeito doado.

Por eso ó comenzo d'este artigo subrayamos que o cumprimento do deber non é un merecemento. E agora añadimos que sollo pode selo en pobos sen moral e sin cidadanía. E D. Leonardo, home de talento, home mozo, estará conforme con nosco.

Respeito ás verbas do *Ideal Gallego* dicíremos que parecennos axeltadas e ben a tempo. Cando "Estudios Gallegos", que abre o seu Congreso c'un capitán xeneral e disponse a pechalo c'un feixe de deputados galegos, d'eses que calaron e calan sempre nas Cortes, cando se podía conquerir algo pra nós, é oportuna a lembranza acusadora do coleguísia.

Xa que non veu Bugallal a quen maxñábamos agasallar c'unha serenata d'instrumentos *ad hoc*—e mais foi lástima que non vífiera—ver xuntos a varios deputados cuneiros galegos cando se val tratar de problemas da nosa Terra qu'eles teñen esquecido, pode dar márxes para falarlles en prata.

¿Qué dicirá Gullón, o cunheiro ortigueirés, que chufou co'a sua farsa de falar catro verbas sob' o ferrocarril da Costa cando as Cortes lan pecharse?

¿Qué dicirá ese Souto Rigueira, que fixo no Congreso o triste e noxento papel d'atercar contr'os intereses dos labregos e da liberdade galega ó tratar malpocadol de combair os deselos da Asambleia agraria de Pontearreas, respecto á lei dos consumos, inteltrados pol-o Sr. C'lvo Sotelo? Haberá imbéciles e escravos en Viveiro que inda transixan con ese parvo da "Casa de Galicia".

CADRO BRANCO

CASTELAO

CADRO MOURO

VITURRO

¿Qué dicirán os que inda non conseguiron a cativa cantidá percisa para o Observatorio da Cruña? ¿Despois de traballaren tres anos vendo de consigulla!

¿Qué dicirán os agrarios de Gisset, cando inda non esquecido o de Nebra queren amocar ó gran Castelao?

¿Qué dicirán os galeprietistas cando inda gardan lolto familias de Narón?

¿Qué dicirán os moralistas Idóneos, cando inda choran os seus mortos xentes de Sofán?

¿Qué dicirán, pol-o derradelto, os repersentantes do vireinato do Rlestra?

Axiña ha sernos posibre dar resposta a todas estas perguntillas.

E pol-o d'oxe abonda.

OUTRA PROBA DA NOSA ORFANDADE

Cartos para concursos na mán dos caciques

Cando a fórmula económica no Palramento, aprobouse unha subvención de 100.000 pesetas para concursos gandeiros. Pero estas 100.000 pesetas terán de serlle entregadas a "Asociación de Ganaderos del Reino" para qu'ela dispoña dos premios dos concursos que orgaicen as comisiós provinciales.

Contra d'esta enormidá ninguén falou ainda en Galicia. E ben merece a pena, abofellas.

Poñer aqueles cartos a disposición da "Asociación de Ganaderos del Reino" supón tamente, botalos na rede de dous cacicatos. Na dita "Asociación" que os distribuirá com'a ela lle conveña, atendendo ás amizades si lle peta, e na das comisiós provinciales.

As comisiós provinciales—xa sabedes que clas de peixes hai n'elas—protexerán, sollicitando da "Asociación de Ganaderos" pesetas para premios, a aquelas comarcas ou vilas onde lles conveña enraigar mais os seus cacicatos. E as comarcas ou vilas que non teñan padriños, as que seían rebeldes, qnerse dicir cidadanas, atoparánse, quedaránse sen concursos. E se non queren quedarse terán que deberlle favor ós caciques das comisiós provinciales.

Nós protestamos contra esto. E protestamos tamén, unha vez mais, contr'os parvos e inúteis cuneiros galegos que, no Palramento, chamándose repersentantes de Galicia fan tanto caso dos intereses da nosa Terra coma nós dos intereses da Cochinchina.

Sirve este tema para "Estudios Gallegos"?

Cartas da aldea

Do caso de Castelao

Adiquéime estes días pasados ao dóce pracer de non facer nin pensar. As cóbregas disque fican pol-o inverno esmorecidas e innobres nos seus buratos mornos e silenciosos; eu non poido acompañarme co'elas porque non me arrastro, pro, disgraciadamente, aseméllome a elas n-estes letargos que sufro moi presenteiramente. Diferencia, que eu padezo esta doénza no vran, nin teño, con farto sentimento da miña alma, un aguillón penzoñoso con que ferir

de morte aos meus proteitores. Veneno quízais o seiba elaborar aquí n-esta pracidade paradisiaca, antre brisas cantareiras, meigas posturas de sol, e alboradas irónicas que de cote anuncian risoñas o que ben elas saben que non chega nunca: días espréndidos de sol e sin caciques. ¿Pro con qué meter no sangue dos meus amados, que protexen tripando, esta miña penzoña? A pruma, boa arma n-algunhas mans, nas miñas vólvese inútil, a sua punta non fire e a tinta é azul ou negra, pro nunca roxa.

Probe de min, sabidor de coma se frabica o veneno mortal, non sei usal-o. Durmo antre froles e arumes de campo soñando con deleitosas venganzas, e todo redúcese a eso; a soñar. Diante da miña pequenez asómbrome.

Coma D. Quixote, fágome no terréo ideal desfacedor de entortos e sinto vibrar os meus nervios aos pulos do entusiasmo, ou da carraxe das iniquidades que a cutío suceden, e sin embargo, calo, abro os ollos un instante, dou volta e sigo dormindo.

¿Todol-os galegos serán coma min? Quizáis a maoria durma ou chore no regazo frolido da nai agarimosa e asoballada.

Eu, dende logo, confeso o meu pecado. Xa vichedes como deixei de esquirbir estas cartas e tumbeime no molido leito da paz da miña aldea.

Quixera agora poider facer unha pregaría de arrepentimento, tan sentida e tan inspirada que abalase aos meus irmáns de sono e de preguiza.

Eu pequéi. Na queda sonolencia vin correr este anaquiño de historia actual sin moverme e sin decir nada; calado coma un morto, abrindo a boca e dispóndome sempre a despreguizarme.

Coma unha armoñía anxélica chegaban aos meus ouídos as verbas valentes e nobres que no meu predileito boletín A NOSA TERRA falaban Johán V. Viqueira, Vicente Risco, Villar Ponte, Ribalta e demais irmáns, sin lograr sacudir o meu pesado letargo... E, cousa rara, algo que pasa todol-os días, n-estes ridentes campos da nosa patria, patria tamén das abafantes labercadas da caciquería, conseguíu despertar-me, fíxome collel-a pruma e emborronar estas coartillas.

Sei de casas que se derrubano por satisfacer caprichos innobres. Teño visto grandes vergoñas e olléi a xusticia acorrunchada e tremerosa ante a vountade onipotente de algún señor de vidas e facendas. Pro tamén teño ouservado coma os poiderosos señores—non quero decir caciques porque dame moito noxo esa verba—saben escurrir o bulto e ferir con man allea pra non ficar en descuberto.

Por eso non entendo coma hoxe, os de Rianxo, non tiveron reparo en meterse c'un home de tanta sona e valía cal é o noso insine Castelao. O demo ás veces perde aos seus millores amigos. Xa comprendo que o amo de Rianxo ha de tel-a man feridora ben agachada, pero non se decatou que n-estes tempos está a vista de todo o mundo a tramoya caciquil e que detrás dos monigotes rurás adiviñase, mellor dito trasparéntase a panza do cabaleiro de forza e coitelo.

Un hórreo que se quer derrubar ou que se derruba non ten gran importancia na terra do mangoneo, pero a afrenta que con elo se fai a o pai do artista quízais mais amado e admirado de Galicia é golpe que fire a todos.

Aquí estaba cando lín o valente artigo que no "Sol", de Madri, publicou Castelao, e despois de leelo xa nada poido decir pol-a miña conta.

Soio pretendo facer saber como esa falcatrúa caciquil fixo vibrar de indignación a un peito aldeán; como a este curruncho veu un alento despertador a erguer a un deitado galego.

Coido que coma eu son moitos os que protestan, e ogallá sexa o escarnio ao gran artista fonte santa das nosas rebeldías.

Vaia, pois, n-esta carta aldeana, un tributo de admiración ao gran Castelao, e unha voz mais a xuntarse co-as moitas que de total-as partes érguense protestando contra o mangoneador e o follón que manda en Rianxo.

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

Mugía, Agosto de 1919.

DA NOSA RAZA

Un labrego inventore

Aquí tendes un home exemprar: un galego que fixo mais por Galicia que todol-os ponentes eruditos de tódol-os Congresos e Congresións en boga. Este home é Nemesio Varela Bao. Nemesio Varela Bao, presidente do Sindicato Agrícola e gandeiro de Cerdido, que habita nos Casares, maxinou unha sementadora de millo e fabas ó mesmo tempo, e unha sachadora de millo, que aforrarán un 75 por cento de gasto n'aqueles cultivos.

A sementadora e a sachadora están espostas na Feira-Mostrario da Cruña. Son aparatos toscos, mais positivamente prácticos, grandemente benéficos para os traballos do agro, que o seu inventore patentou e que axiña explotará, logo de perfeccionalos un pouco, unha casa fabril de Barcelona, xa que ningún fabricante galego quixo facelo.

A sachadora, por exemplo, resolve en gran parte o problema dos nosos cultivos de secano, no que se refire ó millo, pois fai que toda a humidade da terra poida aproveitarse. Asía Neme-

sio Varela Bao, un labrego de pouca cultura, aalles unha leición a moitos técnicos bombeados. Así un traballador humilde do agro galego, amosta unha vez mais a xenialidade da nosa raza.

N'estes momentos de tanta parolcra pseudo-científica, Nemesio Varela Bao, dou unha leición práctica que fará mais que cen discursos galanos pol-o progreso da Terra.

DE PRUMA ALLEA

Pontes e portos políticos

Galicia é unha terra de sardiñas e mais políticos. As sardiñas nascen unhas das outras, e os políticos tamén. Para ser un bó político, o primeiro que se precisa é ser parente d'outro político galego. O fillo d'un gran político galego, ten d'ende o seu nacemento, categoría de ministro; o sobriño ten categoría de subsegretario ou de director xeneral, e así sucesivamente. E cando un non é fillo nen sobriño de ningún político galego—cousa rara, coñecida a famosa facultá de reprodución que caracteriza a esta especie,—entón ten un que facerlle as veiras a unha das sus fillas ou a unha das suas sobriñas. Folga advertirle que ós qu'emparentan d'este xeito c'os prohombres da política chámaseles parentes políticos.

Logo, o novo político vaise a Madrid e comeza a pldre. Pide muelles, dársenas, pontes, carreteras, grupos escolares (o que haxa! Un día paseiándome pol-as pasillos do Congreso c'un prócer da política, vimos aparecer ó lonxe a figura d'un diputado paisano meu.

—Imos darlle esquinazo—dixome o prócer; —pois, axífa que me descoldo, ese home sácame un porto...

Hal quen lle concede moita importancia a un porto, inda que sollo sefa de trescentas ou catrocentas mil pesetas. Mais é moito mais doado que un amigo déalle a un un porto que non unha escribanía de bronce. A veces, para conseguir a boa vountá do ministro, o diputado pídichón agasallao c'unha caixa de xarutos. Unha caixa de puros por un portol. Outras veces non había portos dispoñibles.

—Un portol ¿lle non sería a vostede igual unha ponte?

—Homel Eu téñolles ofrecido un porto... —E que a consinación para esa crás d'obras está completamente agotada. Anímese vosté e leve unha ponte. Poderemos darlle unha soberba.

O diputado la resñándose. —Se, cando menos, tivésemos un río—falaba xa medio convencido. E, por remate, acababa levándose a ponte, xa que o caso era levar algo.

Dábaselle unha ponte ó pobo que necesitaba un porto e o que agardaba a ponte tñía que conformarse c'un grupo escolare. O marqués de Riestra, pal espíritoal de tódol-os políticos galegos; aportaba ás obras suas madeiras, seus ladrillos, seu cemento e os seus materiais de construción. Os pobos, agradecidos, facían festas. Os deputados selan reelixidos, e tod'o mundo estaba satisfeito e ledó.

Ao ver agora todas esas carreteras, todas esas escolas, todos eses muelles e todas esas dársenas, eu teño a sensación de que alguén está de días e que os amigos e parentes enchéronlle a casa d'ouvetos inúteis e aparatosos. Vinte escribanías, unha ducla de bastós, outra ducla de paraugas, quince pitilleiras, dous centos cubertos de prata Meneses!... Co'a falla que, ó millor, lle fal ó festexado un gabán d'inverno ou unha táboa de despacho!...

JULIO CAMBA.

MADRIGAL

O PAXARIÑO

Do sol da tarde ós rayos derradeiros, c'un fol de grau de millo na cabeza, veira do río mesta de ameneiros, toda arume, frescura e xentileza, iba cara ó muíño
a moza por quen peno namorado
—arca y espello das espranzas miñas—
cando no médeo e médeo do camiño
véu na lama, baténdose, abafado,
c'o piquiño entraberto y-as aiñas
pingando murchas como allada rosa,
un probe paxariño.
que, ó rebulir, caira da follosa
ponla en que tñía feitiçeiro niño.

Pra facer ben nin tarda nin esquiya, pousou o fol a nena compasiva e pillando o paxaro con tal xeito que dera envexa á nai mais garimosa, un pouco avergoñada, rindo leda, falándolle mimosa, púxo, como n'un leito de soave e branda seda, rente da carne morna do seu peito.

Acochado do seo na quntura un bon anaco tívoo prisioneiro; —ninguén xaula gozou de tal dozura— y-o ver que lle facía cóxegas c'o peteiro, sentindo que xa ledo rebulía colléuno con amor, doulle un biquiño, botóulle a man á ponla do ameneiro e deitouno no niño

Mais ó paxaro tolo por sua dona —oh milagre de amor dino de sona!— á prisión prateiteira y-ós agarimos mólidos afeito, d'end'o niño guindouse na lameira chilando por voltar o morno peito.

RAMÓN CABANILLAS

A ASAMBREIA AGRÍCOLA DA CRUÑA

Foi un número de festexos

Quizais moitos dos nosos lectores agarden que falemos longamente da Asambrea Agrícola que se fixo na Cruña datas atrás.

E non. Cómprenos adicarlle poucas liñas. Unha, porque xa na prensa cruñesa, na de mala circulación de Madrid e na do resto de Galicia se falou d'ela. Ademais os representantes das sociedades agrarias que visitaron de boa fé acó dicían ós seus representados cento viron e ouviron.

O romate, dino d'un concello rural e caçquil, tamén é coñecido de todos.

Nós tñiamos vaticinado que a Asambrea ía sere un fracaso. Dixémoslo ó falar da de Ponteareas. E a cousa era ben doada de comprender.

Colléuna o oficialismo pol-a sua conta (Pol-a sua conta e pol-a dos assembleistas que celbaron un pesiño por barba). O Consello provincial d'Agricultura e Gandería qu'e un orgalismo de fachada sen interior, adrede para que n'él poidan mostrar fachendosos os seus nomes uns cantos señores amigos do brillo da vanidá, ¿qué podería dar de sí mais do que dou?

Non li'era lóxico pensar senon n'un número de festas onde a retórica valeira dos que gozan nas solemnidades engoumadas tivese xeito de locimento. E coma pensouno, decidíuse a facelo. Mais levouse un axe.

¡O demo se li'ocurre chamar os labregos a

a unha Asambleia no mes d'Agosto, cando están c'os traballos do campol. E para colmo, en época de festas. Co'a vida dobre de cara que de costume. C'os hospedaxes cheos de xente. E c'o calore abafante que impide discorrir e convida ó dulce far niente.

¿Non demostraxa esto o moito que lles preocupa ós señores caçqueiros e fachendosos das vilas, o interés do labrego?

Mais o Consello provincial d'Agricultura indo fixo outra falcatruada: a de traer á Cruña, sen licencia de ninguén a VII Asambleia Agraria, que na derradeira de Redondela tñíase acordado facer en Santiago.

De maneira qu'esta non foi a VII Asambleia agraria senon unha Asambleia para atraguer forasteiros, do Consello provincial d'Agricultura. E non pode coller dúbida, pois o presidente cando unha comisión d'assembleistas de tódol-os matices foi protestare diante do gobernador, contra a caçcada da clausura obra d'aquel, dixó o señor Añunso: "A Asambleia era do Consello provincial e pol-o mesmo non ten que rendir contas a ninguén. A presidencia podía facer e desfacer sen consultare para nada ós assembleistas."

Querse dicir que, coma é costume en tódal-as Asambleas democráticas, a maioría non resultaba na da Cruña soberana. E por eso, o presidente, pechouna cando lle conviú, despois de ofrecere tela aberta hasta ver discutidos tódol-os temas do custionario.

En resúme: que a Asambleia da Cruña non foi continuación das de Monforte, Ribadavia e Redondela, orgalizadas por comisións populares. E pol-o mesmo compre chamar á VII en tempo oportuno.

Agora unhas impreslós. A Asambleia da Cruña resultou mais froitifeira do que coñan os orgalzaadores. N'ela demostrouse que xa non é posibre engalolar a ninguén. Que xa hai sectores d'opinión con representantes cheos de civlismo e cultura capaces d'esnaquizar tódal-as imposicións caçquiles e autoritarias. Non; xa se non pode orientar ós labregos con discursos valeiros e con maquilavelismos conservadores pol-a vella. Sobre todo os delegados de Sindicatos libres ou neutros, dos agrarios socialistas, e dos simpaticantes co-as "Irmandades", loitaron barudamente, escudados na razón tanto coma no craro coñecemento da realidade, logrando impoñer o bon criterio e conseguindo desenmascarar ós que fan do agrarismo unha escada para poder pillar os froitos da arve das suas comenencias.

Unha das conclusións que s'aprobou por maioría despois que a presidencia caçquil abandonou a mesa e se constituíu outra revolucionariamente, da que foi cabezoleiro un propagandista agrario, labrego de oficio, o señor Bouzas, pldía a reforma do regramento da Guardia civil para que non poidan repitirse sucesos coma os de Nebra, Narón e Sofán.

Mais a conclusión mais importante, aprobada pol-a mesa caçquil e proposta pol-o señor Pena Novo que soupo recoiler o espírito de senso económico do nacionalismo galego, refírase ó réxime librecambista que necesita Galicia. E a Asambleia agrícola da Cruña por unanimidade acordou pedilo.

Opinaban coase tódol-os assembleistas que no custionario de somellantes xuntanzas non deben poñerse temas de carácter técnico. Pois os temas de carácter técnico poden desenrolarse a cotío nos xornaes, en folletos e conferencias.

As assembleas agrarias han ser para tratar de problemas que interesen a todos e nos que

tódol-os cidadans do campo e os cidadans das villas a quenes preocupan os asuntos do campo poidan intervir e' o ouxeto de chegar a conclusións de xelto xeneral.

* *

Por imposición da mesa, o Sr. Pita Sánchez Boado tivo que retirar a súa ponencia sobre os emigrados, as súas escolas e a relación d'estas c' o agrarismo. Foi lamentable. E inda mais porque aquel cultísimo escritor pensaba propoñer un homenaxe ó gran sociólogo galego, Díaz de Rábago, de quen ninguén se lembra apenas, cando moitos son tributarlos dos seus lumosos estudos.

E xa non val a pena falar mais da assemblea agrícola da Cruña.

Hemos coplar, para romate, unhas liñas de

comentarío que *O Sol*, de Madrid, puxo á carta de protesta que os assembleístas conscentes e dinos publicaron nos xornaes da Cruña: "Que nos dispensen os agrarios de Galicia; mais non comprendémol-o seu asombro. O movemento que encarnan é anticaciquil. ¿Coma ían secundalos, nin indirectamente siquera, os repersentantes xenunos do caciquismo? Autuen sollos, lonxe de todo oficialismo. Sollo asin poderán facer labor eficaz. D'outro xelto, terán sempre o lobo dentro do rebaño."

Conformes. Senon que o diga o *Ideal Gallego*, tan rexionalista e independente... que foi o único xornal da Cruña que non quixo publicar a carta de protesta contra a mesa caciquil da Asamblea. Por algo é orgo dos agrarios de Gasset, Vitorro e Aller.

A AUCIÓN DIREITA

Carta aberta de Castela

Meu vello coñecido: Escríbolle na lingua en que vostede e mais eu falamos a cotío, anque eu fáloa por galeguismo e vostede por ruralismo.

N'aqueles tempos idos en que a loita en Rianxo fervía a cachón e o "Barbeiro municipal", descañotáballe as barbas total-as semáns, eu coidaba que vostede era un pulpo arrepiante da política provincial; mais con todo, no fundo da miña xenreira gardaba un repouso de admiración por vostede, maxinando que dentro da súa cachola o demo mesmo tecía as inormas con que nos asoballaba.

Ainda fai moi pouco, ollando a casa que vostede mercou na Cruña por dous millóns de reais, pensei, abafado pol-a admiración, que somente a forza de traballo e de talento se conquiren tantismos cartos.

E agora, de súpeto, vexo que vostede é unha de tantas cascudas. Nin me parece un xenio do mal ni tan xiquera cacique talentudo, pois por saber seis dúcias de leises pra engayolar ós diputadiños de rueiro, non merece o creto que tén. No remate de contas vostede é coma o Pacheco de Eça de Queiroz; mais un Pacheco que non morrerá gabado, senón maldecido pol-os que sintiron no peito as súas poutas de cacique pol-a vella. Non; os caciques pol-a nova son d'un xeito máis civilizado.

Pol-a masonería caciquil abranguen todo o poder que hoxe ten nas súas maús, poder que deberíanlle quitar, por parvo. Facendo o que vostede fai calquera é cacique: abonda entrar na masonería e dispoñer da forza que donan os xefes da Corte (así, en galego); mais hoxe saben todos, ainda os zamezugas mais rufaies, que comple andar amodiño coas tiranías, pois o pobo xunto e organizado cébbase axiña dos caciques.

A miña vila de Rianxo durmiñaba ó sol

n'unha cesta, "matando a mosca na perna", dende fai non sei cantos anos, e cando iña prender no sono, vai vostede y-espétalle o alferrón no que mais lle podía doer.

O pobo ergueuse da cesta e agora poida que xa non volva a ter sono. Mais... ¿vostede non se decatou que sen razón no se poden magoar os sentimentos d'un pobo? ¿Ou é que coidaba que o meu pobo xa non tiña sensibilidade?

Tan baixo caíu na miña admiración que atá penso que son de vostede aquelas verbas escritas na churrusqueira orden de esmorecer o piorno de meu pai: "Y 3.º Que esta clase de artefactos situados a la "faz", de los caminos públicos son de un pésimo efecto al ornato público... ¡Xa o vexo que son de "pésimo efecto...," cando non poden encherse de millo ou cando os valdeira o cacique! Pol-o demais a beleza dos piornos somente vostede e o alcalde de Rianxo a poñen en dúbida.

Con todo, se pensa seguir caciqueando comple que veña dar unha volta por Pontevedra. Acolléndolo na Caeira, cousa doada se promete rezar o rosario total-as noites, coído que ali deprendería cousas moi novas que lle virían moi ben no seu oficio. Riestra poderíalle dar unhas cantas leicións pra facer soportable o caciquismo. ¿Non se decatou que faguendo insoportable o caciquismo, Galicia fitarase ceibe de caciques?

Vostede quería repetir o do Porto do Son; pero saíulle furada.

E, pra rematar, estou vendo que ainda vai caer na raposada de dicir as xentes:

—Pero... meus neninos, eu non fun; foi o alcalde.

Adiós, señor Vitorro, e regálese ben.

ALFONSO RODRIGUEZ CASTELAO.

P. D.—Esquecíame decirlle que tamén podía ir á Caeira o señor Gasset.

¡Mesmo é o demo! Cando Vitorro e o alcalde de Rianxo queren facer derrubar un hórreo por antiestético, a Asociación da Prensa da Cruña, paseiou pol-as ruas e por diante da casa do segredario da Diputación, unha carroza na que se repersentaba a Galicia artisticamente. ¿Cómo? C'un HÓRREO y-un cruceiro.

¿Haberá nada mais elocuente?

OS QUE COMENZAN

LIBERTADE D'A TERRA

(Para A NOSA TERRA)

Os caciques e o peor enemigo que poden ter os pobos; os caciques son unha ferramenta que xa derruída pol-o tempo vai perdendo o fio; os caciques son o atraso das industrias y das naciónes e a escravitude d'os homes honrados e librer.

Nosa Galicia é escrava fai tempo dos caciques, pero tempo teremos de facer fuxir da nosa terra pouco a pouco a os que nos impoñeron a escravitude e o atraso da nosa patria Galicia. Nosa bandeira azul e branca inda non quedará no olvido dos bos Galegos, inda pol-de lucirse para dimpois ondear n'as edificacións mais grandes da nosa terra coma simbo da liberdade de toda Galicia, coma o final da escravitude en que fai tempo istaba.

Os caciques; esa ferramenta vella que xa o fio vai perdendo dimpois de escravizare a os homes bos e a os pobos, tempo terá de recibir o castigo dos escravos, o castigo dos pobos, o castigo da liberdade, úneca que sempre por enriba d'as montañas mais grandes vence á inxusticea e á escravitude.

As xuventudes son as únecas chamadas a dar a liberdade á nosa patria, as xuventudes debían recibir a educación Galega, ademais de impoñer a nosa fala, tan pouco falada oxe nos pobos. Non temos nós a culpa; e necesareo que as nosas escolas, enseñen o Galego, é necesareo unha campaña coma a de Cataluña, é necesareo a educación dende pequenos. E preciso que digan os nenos: nosa patria é Galicia, nosa fala tamén Galega, nosa bandeira é azul e branca, e dimpois o demais xa verfa para o seu sitio.

¿Qué mellor para nos, os Galegos que ter noso goberno, nosa fala, nosa bandeira e nosos políticos? Asin non teríamos que queixarnos, de que os castelans veñan a impoñernos cousas que stan fora da xusticia, a impoñernos leises que non son propias para nosa patria, a non ser escravos dos caciques d'outras patrias, a non ter que poñer unha bandeira estranxeira nos nosos axuntamentos. Xa chegaremos en non moy lexano tempo a disiroitar da nosa liberdade coma cidadans e mais a ter coma patria a verdadeira, qu'e Galicia.

M. PORTO CASÁS.

Villagarcía.


TEATRO GALEGO

Estrenouse no "Jofre," do Ferrol a comedia en tres actos do cultísimo escritor D. Manuel Comellas, nomeada "Pilara ou a grandeza dos humildes."

Esta obra abrangueu un verdadeiro triunfo. O numeroso público qu'enchía o teatro apraudiu o autore con entusiasmo.

O noso teatro conta xa c'unha notabre comedia mais.

Recolla a nosa embora cordialísima o bó amigo Sr. Comellas.



Vefiéndose recibindo na "Irmandade da Fala," de Betanzos, novas obras para o importante concurso d'obras teatraes galegas que alí está aberto hastra o mes de San Martiño.

O primeiro premio é de cen pesos. Hai outros premios de moito interés.

Esto constituyete un estímulo para os nosos bós escritores.

DA NAZONALIZACIÓN GALEGA

Cosmopolitismo e universalismo

Hemos prepararnos como para sérmol-os creadores da civilización futura. Hemos aprincarnos á creación de valores universaes. Ao "cosmopolitismo," eu opoño o "universalismo."

Crear valores universaes non é asimilarse os valores xa creados por outros pobos, com'ó que se viste n'un bazar de roupas feitas, senon ó contrario, impoñer no mundo os nosos valores. Non aspirar a cosmopolitizar Galicia, senon a galeguizá-la mundo. Esto coma ideal, coma tendencia.

Un país, unha cidade cosmopolita, pode ser un país ou unha cidade colonizados, sometidos a xugo estrano: cidades cosmopolitas son Salgón e Singapor, verbigracia, sometidas, unha ó xugo francés, outra o xugo inglés. Oxford e Heidelberg, cidades nen miña cosmopolitas, son, entoque, creadoras de valores universaes. Oxford e Heidelberg, dominan; Salgón y Singapor son dominadas.

Soño preservando nosas enerxías autóctonas, nosa capacidade de creación, poderemos contribuir á civilización universal, incorporando a ela nosas creaciós inéditas. Isto nos impón o deber de sermos cada vez mais galegos; o "enxebriemento," ten este amplo senso d'humanidade, que non saben ver eses homes medlores do rexionalismo "ben entendido," e pancista, os do "primeiro español e despois galego." Non saben que si Galicia ten deberes que cumprir con Hespaña, tamén ten deberes que cumprir co'a Humanidade. Nosoutrol-os galegos, ante todo, somos unhos humanistas, e non soño invocámol-os dereitos de Galicia coma rexión hespañola, senon "o deber de Galicia coma nazón."

Este deber obríganos a conservare e desenrolare a tradición galega na língoa, no arte, na ciencia, no dereito, no traballo e a remover tódol-os obstáculos que s'opoñan a elo, sejan os que fosen. Tod'a nosa acción política ten

coma fin ese ideal. Nós non concebímol-a política pol-a política mesma ou a política por negocio; á maioría de nos danos noxo: acémol-a coma s'aceta o vaso d'auga de Carabaña. Mais nosa finalidade está sempre mais aló de todo eso: é un senso ideal d'humanidade.

Este deber impoñenos o cultivo constante, incasabre, da nosa orixinalidade nazonal, qu'e a que pode donarles valor universal ás nosas creaciós, a que nos pode levar a sermos creadores d'unha civilización. Galicia non será nada se uniformízase co resto d'Hespaña. Ser diferente e ser existente. Na conservación dos nosos caracteres nacionaes, hemos ser intransixentes. Pódese ceder en todo, agás n'eso: do noso patrimonio espiritoal non debemos consentire que nos despoñen. Sobre d'él ten un dereito, unha especie de "dominio eminente," a humanidade.

Eu reconezo que hay n-unha gran parte do pobo galego, un instinto fatal e francamente soicida. Son xentes que se tefien divorciado de todo ideal, que recreíanse n'un escepticismo ruín e terque. Non hay que contar con elas para nada; conécoas: vivo antremedias d'elas. Están intoxicadas pol-o virus da cidade. Mais hai moitos mais que aínda non espertaron. E por elas crelo sempre nos destinos da raza. Pois non é nos desgraciados que pertencen ás civilizacións vellas non que s'ha de apoyare a Galicia futura, senon nos que aínda non nasceron á civilización.

VICENTE RISCO.

Ourense.

DE BENITO LOSADA

CONTIÑOS ENXEBRES

A MAZÁN

*A Farruco, o da Devesa,
doulle unha noite Lucía
unha mazán camoesa
que por dentro apodrecía.
Comeuna e fíxolle mal...
Mais ¿quen lla mandou comer,
sendo que por outra igoa
perdeu ó mundo a muller?*

¡MUNDO, MUNDO!

*A un crego da Ramallosa
foi ver Vicente Rubiños,
e dille con voz chorosa:*

*—Siñor, minten os veciños,
non teño nada con Rosa.*

*O crego, que sabe moito
pol-o oficio e por ser vello,
mollando en viño un biscoito,
di: —será certo o que escoito,
mais vouche dar un consello.*

*Si empeza a decil-a xente,
unque non teña razón,
que o teu can está doente,
mata axiña o can, Vicente,
pol-o si ou pol-o non.*

BAIXO CINCO CASCOS

Un fracaso redondo

As sesións do Congreso d'Estudios Gallegos,, até agora van sendo un verdadeiro fracaso. Algús señores doutos, outros non doutos (mais que a xente parva coída persoas, porque os xornaes engañáronna con «bombos») vefien lendo ponencias. Ponencias eruditas, ponencias de arqueoloxía, filoloxía, etc. E isto non atraí a ninguén. Porque como dixi moí axetadamente Castela, «abonda d'arqueólogos e faltan arquitectos.» Esas ponencias, non son nada vivo, nada c'os pes na realidade actual. E o que compren son cousas vivas, cousas d'interés pr'agora a pra o porvire.

Inda que o galego non fose unha língoa groriosa d'enraigamento histórico, inda que non tivésemos historia, nin moimentos antigos, Galicia pol-o feito de ter unha economía propia e un língoa propio, e unhos xeitos raciaes comúns, conqueriría dereito o ser nazón. E inda sen nada d'isto, se os intelectuas galegos fixeran xurdir unha acesa vountá nazonalista, Galicia conqueriría o dereito tamén a espallar a sua arela nazonalista.

De maneira que os congresistas do fracaso do Instituto d'Estudios Gallegos,, com'a miller de Loht, viven de costas á hora actual para fitaren o pasado. Eles son galeguistas pol-o pasado, eles son partidarios de que se lles colonice, con língoa allea e con cultura allea agora e no adiante.

A maioría dos congresistas—¡tan sabios nas cousas que foron!—ante o d'oxe queren un rexionalismo ben entendido, no que o castelanismo seta sobre todo, e procrámanse hespañoles primeiro que galegos.

En Lugo falaron os repersentantes do noso espírito no nome da nazón galega. E aquela Asambleia concretou as suas arelas en xeitos vivos e autuaes, atelgados de luminoso futurismo. Aquela Asambleia, sin bandeira, música nin entorchados, nin bombos nos xornaes, foi nutrida; o seu número d'Asambleistas superou ó dos "Estudios Gallegos,." Nas primeiras sesións d'este houbo momentos que sóño contábanse vinte persoas no local.

E conta que na nosa Asambleia de Lugo coase tódol-os assembleistas eran de fora d'aquela cidade. E na d'Estudios Gallegos a maioría son pacíficos habitantes da Cruña.

Salulle mal a Picorete a conta. Venlle furada. Concluiu o Instituto, logo de ter lido o vrán pasado que houbera unha d'Estudios Vascos que presidirá El Rel. ¡Qué boa ocasión—pensou—de codearme con Don Alfonso, traquéndoo a Cruña! ¡Qué boas festas si el acetal ¡Qué fachenda para mí!

E non. Nin'ó Rel, nin un infante, nen o ministro da Facenda, nin o Bispo de Tuy—home de grande talento—que dixi ¡vade retro!

E ficou o Congreso simbolizado por cinco cascacos... Tendo o desprezo do venerable don Manuel Murguía, e da maioría dos cruñeses. ¡E inda s'atraveron a invitar á Pardo Bazán, os

que tébenna aldraxado púbricamente nos salóns do "Circo,,

DA EMIGRACIÓN

Palabras cordas

—¿A emigración?—dime un amigo—¿Vosté colda que a emigración é un mal? Tod'o diñeiro que ganen os galegos na América ven logo aquí a mové-las nosas industrias. E non é só o diñeiro que fan circular entre vól-os indianos, senón tamén espírito de progreso e de tolerancia. C'o seu absurdo acento, dicindo San Jorge de Bolsas en vez de San Jorge de Sacos, e cousas polo xeito, os galegos que volven d'América están modernizando Galicia. Desengáñese: a emigración é un ben...

Eu coldo que a emigración é un ben; mais n'isto, precisamente, consiste o mal. Hay momentos nos que o home ten que pórse o servizo d'outro home se non quer morrere: a ese home convenlle facer de criado; mais s'én dúbida, o estado de criado non constitúe un estado envexabre. A emigración é un ben, e esto é o malo. Tamén é un ben saír do presidio, mais tería de ser moito mellor n'habere entrada n'él.

Algús atribúen a emigración dos galegos ó seu sangue celta, fundándose no dato de que Irlanda, uns dos pobos onde a raza céltica consérvase mais pura, é tamén pródiga en emigrantes. Eu non quero negar o espírito aventureiro da raza celta, mais, ¿por qué é tan aventureira esta raza? En 1845 a pataca irlandesa foi agostada por non sei qué doenza, e dende entón até o 1850 mais d'un millón d'irlandeses fuxiron ós Estados Unidos. Os irlandeses sintíronse n'aquelles anos mais celtas que nunca. Despois desapareceu a doenza da pataca, e a emigración irlandesa cortouse n'un 80 por 100. Leutor: cando vexa vosté a un celta migratorio, ofézalle unha pataca, e de contado o trocará vosté n'un europeo sedentario. As razas aventureiras son'o por falla de patacas, pan e liberdade. Bótase da-sua casa ós xudíos, ós polacos e ós armenios, e logo de botal-os ó velos percorrer o mundo, díse que teñen un espírito moi aventureiro. Deus ll'ó conserve, porque boa falla l'es fal.

A emigración é un ben para Galicia; mais

sobre todo, eyo para América. Por cada milleira de pesetas en diñeiro que os emigrantes mandan acó, ¿cántas non deixán aló en traballo e saúde? Disgraçadamente aquí o traballo lles non produciría nada, e a emigración sigue. En Galicia se non ven apenas mais que mulles, vellos que xa voltaron d'América, nenos que agardan tren, caciques e cregos. Por cada bofetón madrileño que chega acó, hai cinco ou seis bofetos arxentinos ou cubanos. A mín o separatismo político non me asusta; mais este separatismo práctico parece unha cousa moi seria.

(D'unha crónica de Julio Camha, n' *O Sol*).

Peneirando...

Dín que valse fundar na Cruña un "Circo Liberal".

Xa o Gobernador aprobou o Regramento.

Coldamos que nen siquer ha sere un circo vicioso, coma tantos que cofecemos.

Ha sere un circo de parvos e de cucos. Unha especie de circo ecuestre, sen cabalos. De mais pista que pisto.

II II II

O Concello cruñés nomeou a D. Ramón Cuelto, fillo adoptivo da Cruña.

Parécenos ben o nomeamento.

Meréceo moito millor que Gómez Carrillo.

II II II

O seráfico Barbeito Herrera, dou unha conferencia na notable Exposición de Camilo Díaz. Dixo, falsando do galeguismo, algunhas parvadas.

¡Pobriñol! Non quere nada c'o galego e vive condenado a sufrir un apelido enxebre. Porque si o castelaniza...

¡Teríase que chamar Barbechol!

II II II

Por certo que o xornal provincianísimo e cursi que se chama *El Orzán*, na reseña da conferencia de Barbecho, dicía, coma quen di unha gran cousa: "Nuestro compañero habló de belleza y de arte, sin citar a Ruskin y a Carlyle".

Pois, precisamente, si citara a Ruskin e a Carlyle e s'inspirara n'eles non diciría as parvadas para as "nenas bien", que celbou.

Pero os cursis non poden enxerguer os pensadores.

E os do *Orzán*, loubados por tódol'os cursis, teñen unha estética para o seu uso particulare, Son ademais tan trónicos os pillis...

II II II

Vai haber un homenaxe a Pondal. No que autuará algún antigaleguista, dos que arreñegan da lingua patria escravos da extranxeira e feminea—de que falou o bardo—: Barbecho Herrera. Na que c'ó pretexto d'omenaxear ó autor de "Queixumes dos pinos", colará unha trangallada outro sifior sin cédula literaria: Pesperellas.

Os mais merecen tódol-os respetos. Mais o que non'os parece ben é que se pense en colleitar cartos—que han ser poucos e non abondarán—para erguerlle un mausoleo a Pondal. Os seus herdeiros, os que herdaron o seu respetable capital, teñen obriga de facerlle unha cousa digna do xenio do grande bardo.

II II II


Si s'enteraran os ediles cruñeses de coma está instalado o consulado d'España en Nueva York e da pouca influencia de que disfroutan n'aquel país os cónsules hespañoles—porque houbo moitos moi malos e ademais abandonados pol-os Gobiernos de Madrid—non perderían o tempo en visitas.

Mais aquí sempre facend'o ridículo. ¿Qué hai un Arnaud en Vigo? Pois os cruñeses queren ter outro.

E un xornal de Vigo rifa c'outro da Cruña. Selpa o colega vigués—que ten tódal-as nosas simpatías—que os galeguistas son amigos do progreso xeneral de Galicia, sen importarlles qu'esta vila soba mais que a outra, se merez sobre.

Tipográfica Obrera.—Socorro, 3

MATERIAES DE CONSTRUCCION
Cemento Asland
Madeiras -- Carbón
CENTRO XENERAL DE SEGUROS
IGNACIO PEDREGAL
NA CRUÑA



Chargeurs Reunis

Compagnie française de Navigation a vapeur

SERVICIOS REGULARES

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bos-Aires, por vapores con inmellorabre acomodo para pasaxeiros.

Para informes diríxanse ós Axentes xeneraes en Hespaña

Antonio Conde, Hijos

Praza d'Ourense, 2

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

XUAN VAZQUEZ PEREIRO

Æ millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rúa estreita de San Andrés. — Æ CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha canca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta | estade, ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? Porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores produtos i-a limpeza mais eisquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESIVOS



Grandes Talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos { A Cruña: Cantón Pequeno, 12
centraes { Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursales { Estreita de San Andrés, n.º 12
na Cruña { Praza de Azcárraga, n.º 4
Fernández Latorre, 76 e 84

Sucursal en { Príncipe, n.º 63
Vigo

Todal-as nosas sucursales ostentan un letreiro como sinal, qu'é reprodución da marca de garantía eiquí estampada.

Recíbense encargos de fora, y-espídense por meio das nosas sucursales.

Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sirvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

Faise cárrago de todás cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así como selles de caucho

A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL DE TODAS CRAS FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

Os viños e coñás millores

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un eispréndido licore sin rival


Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCRUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA



Lloyd Real Holandés

Amsterdam

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saídas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, intermedia e 3.ª clás.

Pra informes respeito a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó

Axente xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO.

FRÁBICA MECÁNICA

:-: DE CALZADO :-:

- DE -

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA**HOTEL CONTINENTAL**

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

- DE -

M. Losada Prado

A CRUÑA

LA SALUD**CASA DE BAÑOS**

A millor da Cruña

Avenida de Rubiñe, 22 (Riazor)

A FARTANZA

DE

CRISTINO P. REY

PROGRESO, 40—A CRUÑA

Irmáns: os milliores viños que bebedes na Cruña son os que vende esta casa. Quen os proba un vez xa non cata outros. Tamén vende os milliores choizos e xamóns de Lugo e toda crás de licores.

Abonos Químicos MineraesCementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés **ROUCH**Rexenerador **ROSTTAM** pra os animais debiles, pra que as galliñas poñan mais hovos, etcétera.

Pidanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.^a—A CRUÑA**Fábrica de Xergons**

e catres metálicos

ORZAN 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten baño de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Farmacia Europea

- DE -

López Abente

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego ós derradeiros adiantos.

EFFECTOS NAVALES

DE

FERRER Y COMPAÑÍA—SUCESORES

F. BERTRAN e MIRAMBELL

VIGO e A CRUÑA

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

GRAN FONDA**Las Cuatro Naciones**

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu deselo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os prezos están ó alcance de todos.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBEIRIA

- DE -

RAMOSE ACEA

San Andrés 94,-1.º—A CRUÑA

Establecemento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, loctós e frictós de todas clases.


Nota: N'este establecemento atopará o público un servizo permanente a cárrago dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servizos directos dende o porto da Cruña

Na derradeira quincena de Agosto aproisimadamente e salvo continxencias, sairá para a Habana e Veracruz o rápido paquete correo.

VENEZIA

Prezos do pasaxe (incruído os impostos)

	Habana	Veracruz
Ponte pasaxo:		
Camarotes de luxo	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. exteriores	> 1.668'75	1.753'75
Primeira crase		
Ponte superior:		
Camarotes exteriores	> 1.498'75	1.593'75
Id. interiores	> 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior:	> 1.293'75	1.378'75
Segunda crase	> 1.103'75	1.088'75
Preferencia	> 808'60	798'60
TERCEIRA CRASE	> 328'60	343'60

DON NICANDRO FARIÑA

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitir seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consinatario

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo